



PLAN DIGITAL

CEP Lois Tobío

[Versión 1.0 xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O CEP Lois Tobío de Viveiro atópase na Rúa Martín Ledesma s/n. Actualmente (curso 2021/2022) conta con 308 alumnos e alumnas e 28 mestres e mestras, e é un centro exclusivamente de Educación Primaria. O correo electrónico do centro é cep.lois.tobio@edu.xunta.gal e a páxina web: www.edu.xunta.gal/centros/ceploistobio

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- A nivel socioeconómico atopamos unha grande diversidade familiar: hai fillos/as de empregados/as, médicos, agricultores/as, autónomos/as. É destacable un importante número de aumnado de etnia xitana e, dende hai algúns cursos, nutrida presenza de alumnado inmigrante (Perú, Colombia, Venezuela, Arxentina, República Dominicana, Cuba, Romanía...).
- No aspecto lingüístico, a lingua predominante é o castelán. Son poucas as familias que empregan o galego como vehículo de comunicación.
- A contribución do PD ao Proxecto Educativo de Centro parece que pode ser importante xa que, por primeira vez, están detectadas nun documento as fortalezas e debilidades principais e unha proposta de solucións e accións temporalizadas para executalas. Todo isto é un comezo cara unha mellora dixital no centro xa que leva sen integrarse en programas de innovación desde as antigas aulas Abalar.
- No ano 22/23 pretendemos que o Plan Dixital vaia dando pequenos pasos cara unha maior dixitalización do centro, xa que detectamos diversas carencias nese sentido, tanto na comunicación (dixital) entre o profesorado como na propia infraestrutura. Un plan de primeiros pasos realista pero ambicioso.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O PD está elaborado seguindo as instrucións recibidas, e que están baseadas nas seguintes leis:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación

- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

O Plan Dixital realizouse principalmente mediante o Proxecto de Formación Permanente do profesorado que tivemos este ano dedicado en exclusiva ao Plan Dixital, sempre en coordinación coa responsable dos PFP e do coordinador dos Plans Dixitais dos centros da nosa zona.

Ademais, informouse, mediante reunións xerais, ao resto de profesorado en momentos puntuais como a enquisa Selfie e a posterior enquisa elaborada en fprofe da que podía ser partícipe o profesorado do centro.

O proceso de traballo seguiu sempre a temporalización suxerida dende a coordinación xeral.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- A infraestrutura dixital do centro podémola definir de desigual. Por unha banda temos unha conectividade sen fíos moi mellorable, e unha conexión cableada óptima, pero con equipos máis preparados para recibir conexión sen fíos (sen portos).
- Todas as aulas contan con proxectores conectados a un portátil, aínda que non son encerados dixitais. Tan só dispoñemos destes últimos dispositivos nas antigas aulas Abalar. O centro non participa no proxecto Edixgal nin ten aulas dixitalizadas. En canto aos equipos de xestión e administración están razoablemente actualizados e plenamente

operativos. A biblioteca conta con catro equipos para o alumnado (non operativos ata o ano que vén) e con dous portátiles máis para xestión e utilización de proxector e impresora 3D. A sala de profesorado conta con equipos portátiles (2) conectados a cadansúa impresora e e o Departamento de Orientación está equipado con impresora e portátil, así como as aulas de PT e AL. Non hai aula de informática, e o centro aínda conta cos antigos ordenadores Abalar, que son os que usa o alumnado cando se lle require. O seu estado é o típico de ordenadores obsoletos.

- O centro ten páxina web e Aula Virtual actualizadas, e unha gran maioría de familias conectadas ao centro a través de Abalar Móbil.
- O mantemento do equipamento corre a cargo do presuposto do centro, no caso de ordenadores mercados polo centro, e da Consellería no caso de ordenadores e equipos enviados pola Consellería, o que provoca un retraso na resolución de avarías.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo	2,8				
	Profesorado	2,7				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo	2,8				
	Profesorado	2,6				
	Alumnado	2,9				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo	2,6				
	Profesorado	2,3				
	Alumnado	3,4				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo	3,3				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo	3,6				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo	3,3				
	Profesorado	3,0				
	Alumnado	3,1				
G- Prácticas de avaliación	Equipo	2,6				
	Profesorado	2,6				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo	3,3				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado	3,2				

Test CDD: Inclúense as táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do testCDD do centro, así como a 1.3 co perfil do profesorado que cumplimentou a enquisa.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	15	22	68,2%
PROVISIONAL	2	2	100%
INTERINO	0	2	0%
SUBSTITUTO	1	2	50%
DESPRAZADO	0	1	0%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
75,8	B1	76,4	B1

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
PRI	75,6	B1	77	B1

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0%
A2	7	38,9%
B1	6	33,3%
B2	4	22,2%
C1	1	5,6
C2	0	0%
TOTAL	18	100,00%

Outras fontes: No PFPP tivemos en conta todas as necesidades que, aínda non estando presentes na enquisa Selfie e no DAF0, pensamos que poderían ser susceptibles de mellora no centro.

2.3. Análise DAF0

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAF0 que permite o coñecemento da realidade do centro no eido

dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	O alumnado de maior idade dispón dun dispositivo (aínda que antigo). A web do centro está actualizada e recibe visitas (en aumento).	Non existen bibliotecas nin repositorios de recursos en liña propios. Existe percepción de falta de axuda técnica no momento que algo falla. Non hai espazos dixitais específicos fóra das aulas. A conexión a internet non é a desexable.
	PERSOAL DOCENTE	O profesorado usa recursos dixitais en liña.	En xeral, non se avalían os progresos en competencia dixital. Falta de tempo para explorar novos xeitos de impartir clases con dispositivos dixitais.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	O alumnado valora positivamente a utilización de recursos dixitais. O alumnado valora positivamente o feito de ter un equipo, aínda antigo. Considera que no centro se lles ensina a actuar de xeito responsable e seguro.	
	FAMILIAS	Case o 100% do alumnado está conectado ao Abalar Móbil.	As familias non conectadas non están ao tanto das novas do centro nin vía web nin outros medios dixitais.
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Centro, profesorado e alumnado falan de vantaxes e desvantaxes das oportunidades dixitais.	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		Existe unha percepción de que as incidencias comunicadas non son arranxadas nun tempo adecuado.
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		on existen colaboracións dixitais intercentros en apoio do uso de tecnoloxías dixitais.
	ANPA	Temos unha ANPA colaborativa e en sintonía co centro.	
	OUTRAS ENTIDADES	O centro, a través do seu orzamento, inviste en tecnoloxía para renovar equipamento.	A administración non se fai cargo das averías deste equipamento e as empresas da zona non sempre resolven incidencias en software libre.

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para elaborar o plan de acción a partir da análise DAFO tivéronse en conta as debilidades e fortalezas e analizáronse dende un punto de vista realista que permitira establecer que áreas son as que se deberían priorizar no noso centro. Unha vez determinadas pasáronse a crear uns obxectivos (específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal) que son os que se deben conseguir.

Todos os obxectivos teñen indicado ata onde queremos chegar e tamén as accións que queremos conseguir para chegar a cada obxectivo.

Todo isto fíxose mediante unhas táboas que adxuntamos a continuación (despois do punto 3.2).

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos do centro que nos parecen prioritarias son as seguintes:

- Mellora da conexión wifi no edificio pequeno do centro (1º ciclo). Esta mellora é básica para deixar de depender da conexión cableada para obter unha boa conectividade nese edificio.
- Mellora da conexión wifi no edificio grande, sobre todo no momento en que o alumnado se conecta desde dispositivos portátiles simultaneamente. Esta mellora axudaría a unha mellor práctica dixital por parte do alumnado.
- Obtención dunha aula móbil con equipos ultraportátiles para o alumnado. Esta mellora podería supoñer a non dependencia dos ordenadores actuais do alumnado (xa case obsoletos) que poderían compartir dispositivos ao ser posible o seu transporte nas aulas.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": Pedagogía, apoio e recursos						
1. OBXECTIVO:	Crear recursos dixitais propios para diferentes niveis relacionados con conmemoracións anuais				Acadado	
RESPONSABLE:	Profesorado do centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de recursos creados					
Valor de partida	0 recursos específicos creados					
Valor previsto e data	10 ou máis recursos propios creados			Curso 2022/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Proposta ao profesorado de guiar a creación de recursos cara conmemoracións anuais concretas	Coordinación TIC	1º trimestre	Solicitud de incorporación da proposta en claustro	- A solicitude faise e acéptase	Realizada	
				- A solicitude faise e non se acepta	Aprazada	
				- A solicitude non se fai	Pendente	
A01.2: Creación de recursos dixitais arredor dalgunha conmemoración anual	Profesorado	2º e 3º trimestre	Conexión a internet, ordenador.	- Créanse alomenos 10 recursos dixitais	Realizada	
				- Créanse entre 1 e 9 recursos dixitais	Aprazada	
				- Non se crean recursos dixitais	Pendente	
A01.3: Subida de recursos dixitais á AV corporativa	Profesorado	2º e 3º trimestre	Conexión a internet, ordenador.	- Súbense alomenos 10 recursos dixitais	Realizada	
				- Súbense entre 1 e 9 recursos dixitais	Aprazada	
				- Non se suben recursos dixitais	Pendente	

"Área/s de mellora": Equipos e infraestrutura							
2. OBXECTIVO:	Reposición de equipos informáticos na biblioteca a disposición dos usuarios					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo biblioteca					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de equipos en funcionamento						
Valor de partida	0 equipos funcionando para o alumnado						
Valor previsto e data	4 equipos funcionando				Curso 2022/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A02.1: Valoración do estado e funcionamento dos equipos actuais	Coordinación TIC	1º trimestre	Equipos informáticos da biblioteca	- Realízase a valoración	Realizada		
				- Non se realiza a valoración	Aprazada		
					Pendente		
A02.2: Definición de espazo e adquisición de equipos (se fose necesario)	- Equipo de biblioteca - Equipo directivo	1º e 2º trimestre	- 4 equipos informáticos - Espazo na biblioteca	- Defínese espazo e equipos	Realizada		
				- Hai espazo pero non todos os equipos	Aprazada		
				- Non hai espazo nin equipos	Pendente		
A02.3: Decídese cando e como pode usar o alumnado o equipamento	- Equipo de biblioteca	2º e 3º trimestre	- Formación de usuarios	- 0 alumnado con acceso aos equipos sabe cando e como pode facer uso deles	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Área/s de mellora”: Apoio e recursos ás familias no eido dixital							
3. OBXECTIVO:	Seguir a ter a comunicación coas familias mediante Abalar Móbil					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	% de familias que reciben os avisos mediante a aplicación						
Valor de partida	0 95% de familias utilizan Abalar Móbil						
Valor previsto e data	Seguir, alomenos, coa mesma porcentaxe e aumentalo na medida do posible					Outubro 2022	
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A03.1: Inclusión nas reunións de titorías xerais do primeiro trimestre dun punto no que se fale da aplicación	Titorías	Outubro 2022	Folla de rexistro	As familias reciben a información (sobre todo as de nova incorporación ao centro)	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A03.2: Envío de mensaxe de proba para detección de posibles incidencias	Equipo directivo	Outubro 2022	Ordenador Conexión a internet	Detección de familias que non reciben os avisos	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A03.3: Contacto coas posibles familias con problemas para indicar solucións	Titorías Equipo directivo	Outubro 2022	Teléfono	<ul style="list-style-type: none"> - Solúciónanse as posibles incidencias - Non se solucionan as incidencias - As familias non queren utilizar a aplicación 	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

"Área/s de mellora": Pedagogía, apoio e recursos						
4. OBXECTIVO:	Utilización da web e plataformas corporativas para colgar información, abandonando plataformas externas				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinación TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	0 75% da información sobre o colexio dáse nas webs corporativas					
Valor de partida	0 colexio utiliza plataformas externas ás corporativas para blogs, fotos, vídeos...					
Valor previsto e data	Chegar ao 75% de información dentro das propias webs do centro			Curso 2022/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A04.1: Alta de profesorado na web Drupal do colexio	Coordinación TIC	1º trimestre	Profesorado voluntario para o uso da web	Alomenos 7 mestres teñen usuario e contrasinal propio na web do colexio	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2: Creación dun tutorial de subida de contidos	Coordinación TIC	1º trimestre (final)	Ordenador, conexión a internet	Creación dun manual no que se expliquen os pasos e opcións da web do colexio	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Fomento do uso da galería de imaxes Coppermine	Coordinación TIC	1º e 2º trimestre	Ordenador e conexión a internet	Manual de uso de Coppermine. Vantaxes do uso de imaxes do alumnado en redes corporativas e non externas.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Apoio e recursos ás familias no eido dixital						
5. OBXECTIVO:	Detectar as necesidades das familias en canto a equipamento dixital				Acadado	
RESPONSABLE:	Titorías, equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Detección e préstamo ás familias que o precisen					
Valor de partida	7 familias que o obtiveron este ano					
Valor previsto e data	As que sexan precisas segundo as necesidades			1º trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A05.1: Detección das necesidades das familias	Titorías, equipo directivo	Outubro 2022	Folla de rexistro	- Entre o 95% e o 100% das familias respostan	Realizada	
				- Entre o 70% e o 95% das familias respostan	Aprazada	
				- Menos do 70% de familias respostan	Pendente	
A05.2: Organización e entrega de equipamento	Equipo directivo	Outubro/novembro 2022	Equipamento de préstamo	- Todo o alumnado con necesidades recibe o equipamento e asina un compromiso de coidado similar ao do curso pasado.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Pedagogía, apoio e recursos						
6. OBXECTIVO:	Ter a Aula Virtual actualizada e dispoñible para o alumnado e profesorado				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC / Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Nivel de uso da Aula Virtual					
Valor de partida	A aula virtual mingou o seu uso despois da pandemia					
Valor previsto e data	A totalidade de alumnado de 3º a 6º utilizou a Aula Virtual			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A06.1: Oferta de recursos na AV que poidan ser aproveitados polo profesorado para o seu alumnado	Equipo TIC	Xuño 2023	Equipamento, conexión a internet.	- 0 75% do profesorado usa algún dos recursos - Entre un 25% e un 75% usa algún recurso - Menos do 25% usa algún recurso	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.2: Actualización da AV con cambios de curso, tengo en conta alumnado novo, repetidor...	Equipo TIC	Outubro 2023	Equipamento, conexión a internet	- Todo o alumnado ten o seu acceso e contrasinal para o novo curso	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.3: Fomento do uso da AV entre o profesorado	Coordinación TIC	Xuño 2023	Equipamento, conexión a internet	- Realízanse nas clases que reciben sobre TiCs prácticas na AV do centro	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Equipos e infraestrutura						
7. OBXECTIVO:	CREACIÓN E MELLORA DOS RECUNCHOS DE BIBLIOTECA CREATIVA NAS DÚAS BIBLIOTECAS				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Ter dous espazos definidos en cada biblioteca para a Biblioteca creativa con material e equipamento					
Valor de partida	Existe un espazo nunha biblioteca pero non está ben definido					
Valor previsto e data	Creados totalmente dous espazos, un por biblioteca			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A07.1: Reparto do material existente entre as dúas bibliotecas	Equipo TIC	1º trimestre	Persoal para valorar e facer o reparto	0 material estará no seu lugar definitivo antes do remate do trimestre	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.2: Proposta de material a adquirir para cada biblioteca (por idade)	Equipo TIC	1º e 2º trimestres	Persoal para valorar e facer a selección. Material para facer unha listaxe con prezo e referencias.	A listaxe estrá posta a disposición do equipo directivo durante o segundo trimestre	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.3: Creación do espazo físico para por o equipamento	Equipo TIC	2º e 3º trimestres	Persoal que decida a ubicación e forme o recuncho	Os recunchos estarán dispoñibles para o alumnado a principio do 3º trimestre	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Equipos e infraestrutura						
8. OBXECTIVO:	CONCIENCIAR AO ALUMNADO DA IMPORTANCIA DO BO USO DE INTERNET				Acadado	
RESPONSABLE:	EQUIPO DIRECTIVO. COORDINACIÓN TIC.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Realízanse diferentes actividades teóricas e prácticas enfocadas no bo uso de internet					
Valor de partida	Colaboracións coa Policía Nacional e sesións puntuais en 5º e 6º					
Valor previsto e data	Manter as colaboracións e facer sesións estables no curso			Curso completo 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A08.1: Manter a colaboración de charlas preventivas coa Policía ou calquera outra asociación	Equipo directivo	Todo o curso	Equipamento, conexión a internet, teléfono.	Renóvanse os compromisos actuais e acóllense todas as novas opcións	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.2: Ter, alomenos, dúas sesións por trimestre sobre esta temática nas sesións de educación dixital impartidas en 5º e 6º	Coordinación TIC	Todo o curso	Equipamento para alumnado e profesorado	O alumnado recibe como mínimo 6 sesións anuais sobre o tema do bo uso de internet	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora":							
9. OBXECTIVO:	CREACIÓN DUN ESPAZO VIRTUAL COMPARTIDO EXCLUSIVO DO PROFESORADO NA AV					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Existe un espazo exclusivo do profesorado na AV						
Valor de partida	Non existe ese espazo						
Valor previsto e data	Existe un espazo onde exclusivo para compartir recursos, opinións, novas...				Decembro 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A09.1: Selección do modo ideal dese espazo	Equipo TIC	Outubro 2022	Persoal do equipo	Selección do modelo ideal de espazo dentro da rede corporativa: un curso, un foro...	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A09.2: Creación do espazo	Equipo TIC	Novembro – decembro 2022	Persoal do equeipo. Equipamento. Conexión a internet	Creación do espazo antes seleccionado atendendo ás propostas que poidan xurdir a propósito do espazo.	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos farase do seguinte xeito:

- No contexto da **avaliación procesual** terá unha frecuencia trimestral, nos que se valorarán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e as posibles modificacións en función da análise efectuada.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será anual. Considerarase aquí a valoración do logro dos obxectivos e tamén as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

A estratexia para a publicidade e difusión do Plan terá dous aspectos diferenciados:

- Para o profesorado farase nas reunións previstas en xuño e setembro.
- Para o resto da comunidade educativa o Plan porase a disposición xunto ao resto de plans no correspondente apartado da web do centro. Unha vez colgado publicarase unha nova avisando da inclusión do plan na web. Plantexarase tamén a posibilidade de avisar mediante AbalarMobil, xa que é un método que utilida o 97% das familias do noso centro.